

Edición xeral

DOCUMENTAL

O corazón galeguista da Coruña

Agal lanza un DVD un roteiro que, en homenaxe a Marinhoas del Valle, percorre a historia dunha cidade fondamente comprometida co futuro do país.

Redacción - 11:08 12/11/2009

Contra o que se poida pensar por conflitos como o do topónimo, A Coruña é seguramente a cidade do país que foi máis proclive historicamente ao ideario galeguista. A Associação Galega da Língua ([Agal](#)) vén de publicar [un ilustrativo DVD](#) que leva por nome “Un passeio com Jenaro Marinhoas del Valle. A Corunha galeguista”. Durante 45 minutos, podemos facer unha fermoso paseo pola cidade herculina guiados por Felipe Senén e Henrique Rabuñal.

Durante o documental repásase a vida de grandes figuras galegas vinculadas estreitamente á cidade: Lugoís Freire, Curros Enríquez, Manuel Ferrol, Eduardo Pondal, Leandro Carré, Murguía, Castelao...e por suposto, entre moitas outras, a de Jenaro Marinhoas, a quen se lle rendeu tributo o ano pasao co gallo do centenario do seu nacemento.